

ANUNCIO CONCELLO DE MARÍN

EXTRACTO DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS ÁS ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO NO ENTORNO RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA DO “CASCO VELLO E BARRIO DA BANDA DO RÍO LAMEIRA” INCLUÍDAS NO PRTR-NEXTGENERATIONEU

BDNS (Identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto regular e iniciar o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio previsto no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR publicado no Boletín Oficial do Estado nº 239, do 6 de outubro e na Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio do PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade é a de financiar aquelas obras nas que se obteña unha mellora determinada da eficiencia enerxética, especialmente na envolvente edificatoria dos edificios de tipoloxía residencial colectiva e unifamiliar incluídos dentro do ERRP do Concello de Marín. Quedan excluídas as vivendas sitas en edificios residenciais colectivos, podendo estas presentarse ás convocatorias do IGVS relacionadas co procedemento VI406E, financiadas tamén pola Unión Europea-NextGenerationEU.

A concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto no Acordo Nº 28 de data 11.05.2023 para o ERRP do Concello de Marín, de acordo co sinalado no artigo 16 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- Persoas e entidades beneficiarias

Ao abeiro dos artigos 6 e 13 do RD 853/2021 poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación. As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta deles, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Ao abeiro do artigo 31 do RD 853/2021 poderán ser beneficiarias das axudas:

CSV: 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MANUEL SANTOS COSTA-Concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Persoal - 10/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2024 15:05:45	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.

b) As comunidades de persoas propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.

c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motivan a concesión da subvención.

d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

Cando resulten beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán declarar expresamente na solicitude que se encontran debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Para que as entidades que carezan de personalidade xurídica propia sexan beneficiarias, coa excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles. Nestes casos, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalguna das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos citados artigos, relativa á obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social. Non poderá procederse ao pagamento da axuda mentres non se acredite estar ao corrente do cumprimento das devanditas obrigas.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada unha.

Cando a persoa propietaria da vivenda e a persoa arrendataria dela acorden que esta última financie ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda, a persoa arrendataria poderá solicitar da comunidade de persoas propietarias ou, de ser o caso, da persoa propietaria única, a adopción do correspondente acordo que se require para solicitar estas axudas. Neste suposto, a persoa arrendataria poderá ter a consideración de beneficiaria.

Terceiro.– Bases reguladoras

As bases reguladoras das subvencións no ámbito de actuación denominado Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) Casco Vello e Barrio Banda do Río Lameira previstas nesta

CSV: 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8 en https://sede.concellodeamarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MANUEL SANTOS COSTA-Concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Persoal - 10/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2024 15:05:45	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



convocatoria foron aprobadas mediante Resolución de Alcaldía de data 10 de outubro de 2024 e modificadas mediante Resolución de Alcaldía de data 9 de decembro de 2024.

En todo o non recollido nestas bases será de aplicación a seguinte normativa:

- Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio do PRTR
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e demais disposicións relativas á execución e xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e do Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro)

Na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que poidan resultar aplicables.

Cuarto- Consignación orzamentaria

O importe das axudas imputarase á anualidade 2022 segundo o establecido no Acordo Nº 28 de data 11.05.2023 asinado entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma e o Concello de Marín para o ERRP Casco Vello e Barrio Banda do Río Lameira. A concesión de axudas quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

ANUALIDADE	MITMA/ NextGenerationEU	Nº vivendas
2022	193.580,00 €	28

A concesión das axudas que regulan estas bases estará limitada ás disponibilidades orzamentarias existentes, debendo someterse os correspondentes expedientes de gasto a fiscalización previa.

O programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio está financiado con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CSV: 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MANUEL SANTOS COSTA-Concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Persoal - 10/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2024 15:05:45	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Quinto.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de decembro de 2024, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no BOP.

Serán admitidas a trámite as solicitudes xa presentadas ao abeiro das anteriores bases e convocatoria (BOP 30.10.2024), sempre e cando sigan cumprindo cos requisitos establecidos nas presentes bases modificadas.

O Concelleiro delegado da Área de Urbanismo

(por delegación da Alcaldía do 20.06.2023 publicada no BOP nº 126 do 30.06.2023)

Manuel Santos Costa

(Documento datado e asinado dixitalmente ao pe)

CSV: 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015A52A00L7L8Q4O3G5L8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MANUEL SANTOS COSTA-Concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Persoal - 10/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2024 15:05:45	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

